



NOTA DE PRENSA

Os balnearios e as augas minerais galegas presentan esta semana a súa oferta en Brasil, no marco de Termatalia, a Feira Internacional de Turismo Termal

Tamén se dará a coñecer marca “Auga de Galicia”, que contribuirá a diferenciar e darlle valor á orixe galega e ás virtudes da composición e calidade das nosas augas minerais e termais

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2018 (Vía Láctea Comunicación).- A Asociación de Balnearios de Galicia participa esta semana en Brasil -na localidade de Foz do Iguazu- en Termatalia, a Feira Internacional de Turismo Termal, Saúde e Benestar, que este ano cumpre a súa 18ª edición. Neste foro mundial de termalismo danse cita expertos procedentes de máis de vinte e cinco países. A finalidade é impulsar o mercado do turismo termal, ao tempo que se establecen vínculos científicos e comerciais entre o continente europeo e o americano.

A Asociación de Balnearios de Galicia, que conta cun stand na feira, dará a coñecer as potencialidades de Galicia como primeiro destino termal de España dende a perspectiva mineira, sanitaria e turística. O xerente da entidade e do Clúster da Auga Mineral e Termal de Galicia, **Benigno Amor**, incidirá durante esta semana no valor das augas minerais e termais galegas dende o punto de vista do turismo, a innovación e a sostenibilidade.

O valor dos balnearios e augas mineirais de Galicia

No marco desta feira, **Amor** explicará o proceso de constitución do **Clúster da Auga Mineral e Termal de Galicia**, que aglutina ás dúas asociacións empresariais galegas vencelladas á explotación do recurso: a Asociación de Balnearios de Galicia e a Asociación Galega de Empresas de Envasado de Auga Mineral Natural (Agamin). Creouse en 2011 impulsado por diversas asociacións e a Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas da Xunta de Galicia. É unha experiencia única en Europa, xa que non existe ningunha que aglutine os balnearios e as empresas de augas envasadas.

Forman parte da **Asociación de Balnearios de Galicia** 18 establecementos termais. Na provincia da Coruña atópanse o de Carballo e o de Compostela (Brión). En Lugo Augas Santas (Pantón) e Termas Romanas de Lugo. En Ourense están os de Arnoia, Baños de Molgas, Liais (Cenlle), Lobios, O Carballiño e Caldas de Partovia (os dous no Carballiño). E en Pontevedra sitúanse os de Acuña e Dávila (os dous en Caldas de Reis), Termas de Cuntis, Baños da Brea (Vila de Cruces), Caldelas de Tui, Isla de La Toja, Gran Hotel La Toja e Mondariz.

Pola súa parte, **Agamin** conta con seis empresas asociadas: Fontecelta e Aguas de Cospeito (Fontoira), na provincia de Lugo; Aguas de Cabreiroá e Sousas, na provincia de Ourense; e Auga Sana e San Xínés na de Pontevedra.

Como iniciativa do Clúster, en Brasil estase a presentar a marca “Auga de Galicia”, que contribuirá a diferenciar e darlle valor á orixe galega e ás virtudes da composición e calidade das nosas augas minerais e termais. E tamén se dará a coñecer a aplicación para smartphones “Auga de Galicia”, que permite xeolocalizar os perímetros de protección dos acuíferos de augas minerais que existen no noso territorio.

Galicia, un referente na formación en Hidroloxía Médica

En relación á Cátedra de Hidroloxía Médica da Universidade de Santiago e Balnearios de Galicia, o seu director, o doutor **Juan Gestal**, abordou a súa importancia para o sector termal galego. Creouse en 2009 co apoio da Axencia de Turismo de Galicia para fomentar a docencia, a investigación e a difusión dos coñecementos sobre a Hidroloxía Médica. “Esta Cátedra pretende ser o estímulo e o motor do desenvolvemento e modernización da prestación balnearia en Galicia” -sinalou o doutor-. Pola súa parte, a directora de Turismo de Galicia, **Nava Castro**, salientou que “a Cátedra está a garantir unha oferta educativa superior de calidade no eido do termalismo na comunidade”.

Ademais, como iniciativa da Cátedra, presentouse o *Vademécum das Augas Mineromedicinais de Galicia*, no que se recollen as indicacións terapéuticas da cura balnearia. Permite aos médicos dispoñer de información actualizada e científica sobre a súa composición e propiedades terapéuticas, o que facilitará o seu uso como alternativa eficaz ou complementaria aos medicamentos en certas doenzas. A través das xerencias dos hospitais do Servizo Galego de Saúde, xa se distribuíron uns 8.000 exemplares a todos os médicos de Atención Primaria e especialistas en reumatoloxía, neumoloxía, dermatoloxía, traumatoloxía e rehabilitación en Galicia.

PRENSA Asociación de Balnearios de Galicia

981 554 407 / 639 768 929 www.vialactea.es

www.balneariosdegalicia.gal